



### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/52-1</b>
<b>Entidade</b>	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE CEDEIRA, CARIÑO E BARES-O BARQUEIRO	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	OURIZO	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

<b>Especies</b>	Ourizo ( <i>Paracentrotus lividus</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Dende o faro de punta Frouxeira a punta Castro, agás de punta de terra da Chirlateira ata O Ensebadoiro
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	5	11
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si (**)</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	1 (**)	2 (**)

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>						60						
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: mergullo semiautónomo</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X								X	

Topes de captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Tripulante enrolado e a bordo/día</b>
Ourizo	-	300 kg	100 kg

<b>Artes a empregar</b>	Mergullo con subministro de aire dende superficie
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Lonxas de Cedeira, Cariño, O Barqueiro-Bares e Espasante
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas e centros de venda autorizados

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembr</b>												
Zonas:												
Especies:												
<b>Sementeiras</b>	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												

(\*) Corrección de erros do 3 de xaneiro de 2011 1

(\*\*) Modificado por Resolución do 27 de maio de 2011 do recurso potestativo de reposición



Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

#### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

**Ámbito:** Do ámbito do plan exclúese a zona comprendida no ámbito da REMIP-*Ría de Cedeira*: punta de terra da Chirlateira ata O Ensebadoiro. A explotación de percebe no ámbito da reserva desenvolverase segundo as normas do plan de xestión que se elabore para este espazo.

A sobreexplotación deste recurso en parte do ámbito desta confraría aconsella manter o peche das seguintes zonas (Datum ED-50) (°) delimitadas polos seguintes puntos:

- 43° 44.043' N, 7° 47.113' W – 43° 44.008' N, 7° 47.008' W
- 43° 44.338' N, 7° 46.286' W – 43° 44.338' N, 7° 46.074' W

**Participantes:** O plan presenta un listado coas 5 embarcacións e 10 tripulantes (6 deles mergulladores), co recurso ourizo Z8 no seu permex asociadas ás confrarías integrantes do plan:

- 3 asociadas á confraría de Cedeira
- 1 asociada á confraría de Cariño
- 1 asociada á confraría de O Barqueiro-Bares

**(\*\*)Ampliación:** Feita unha revisión dos datos dispoñibles dende xaneiro de 2011, ademais de ter en conta que un incremento do esforzo pesqueiro inferior ao 15% é asumible sen que supoña un excesivo risco de incurrir en sobrepesca, non se observa inconveniente algún en que se produza un incremento dunha (1) embarcación con 2 tripulantes/mergulladores.

**Días máximos de extracción:** Apróbase a proposta de incremento dos días máximos de extracción respecto do plan en vigor a 60 días de extracción ao ano.

**Topes máximos de captura:** Non se aproba a solicitude de establecer un tope por embarcación. O tope de captura establécese por unidade de esforzo, ben por mergullador, ou ben, como neste caso, por tripulante. O tope de captura queda establecido en 100 kg por tripulante enrolado e a bordo e día, ata un máximo de 300 kg por embarcación.

**Puntos de control:** Establécense puntos de control nas lonxas dos portos de descarga. Nestes puntos realizarase un control de cupos. Posteriormente verificarase que os datos de venda coincidan cos datos do control. Débense designar as persoas responsables dos puntos de control. Para un seguimento técnico axeitado da explotación é imprescindible o funcionamento



eficaz dos puntos de control establecidos. O paso polo punto de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, cada embarcación deberá remitir **os datos de captura diarios** segundo o seguinte estadillo que lle será facilitado polos técnicos da Consellería do Mar: día de extracción, nome da embarcación, número de tripulantes, quilos, zona de traballo, profundidade media, tempo de mergullo e observacións, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

É obrigatorio para todos os membros do plan cubrir e remitir dito estadillo. O incumprimento desta obriga implicará a non inclusión na relación adxunta á resolución de apertura do mes seguinte.

**Mergullo:** Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

**Plan de seguridade:** Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersiones necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.

**Deberán achegar** a seguinte documentación:

- Designar as persoas responsables do punto de control.